

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de setembro de 2015

ASISTENTES:

Membros :

Excmo. Sr. Alcalde
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. M^a Jesús Lago Rey
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e un de setembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1088).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1089).- INFORME-PROPOSTA SOBRE A RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES DE DATA 15.09.15 NO RECURSO 914/2015. EXPTE. 7614/446.

Dáse conta do informe-proposta referido, de data 21.09.15, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

Acordo

A Xunta do Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1090).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A ADQUISICIÓN DE 1600 ENTRADAS PARA A GRADA DE FONDO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓS PARA PRESENCIAR OS PARTIDOS DO RC CELTA DE VIGO NA TEMPADA 2015-2016 NAS COMPETICIÓN DE LIGA, COPA E PARTIDOS DE CARÁCTER AMISTOSO. EXPTE. 14310/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.09.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 16.09.15, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2015-2016 (PCAP).*
- *Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2015-2016 (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 27 de xullo de 2015 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte o disposto no artigo 170.d) TRLCSP, para o contrato da adquisición de 1.600 entradas por partido, cun mínimo de 20 partidos, para á Grada de Fondo do estadio de Balaidos, para presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2015-2016 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso, ata a fin da presente tempada oficial 2015-2016, para fomentar os valores sociais do deporte, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o seu acceso ao Estadio de Balaidos.

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Director Deportivo, con data de 13 de agosto de 2015.

3º.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 28 de agosto de 2015.

4º.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de 153.670,00 euros, dos que 26.670,00 €, corresponden ao IVE. O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" e coa seguinte distribución anual:

- 2015: 69.151,50 € (ive incluído).
- 2016: 84.518,50 € (ive incluído).

A imputación do gasto atopase relacionada coas retencións realizadas no expediente 14309/333, en relación a convocatoria de subvencións.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 TRLCSP, é de 127.000 euros.

5º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

6º.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único."

Segundo.- En data 11 de setembro de 2015 o servizo de Deportes cursou unha invitación para participar no citado procedemento o REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 14 de setembro de 2015, o REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 14 de setembro de 2015, reunidos na oficina de contratación o Director deportivo do IMD, D. José Angel Otero Lamas, e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa. Segundo consta na acta da sesión "Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, no presente procedemento."

A continuación se procedeu a apertura do "SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONOMICA", dándoselle traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP".

Quinto.- En data 14 de setembro de 2015, en informe do Director deportivo do IMD, se manifesta que "a oferta presentada polo RC Celta de Vigo, SAD., se axusta os requisitos esixidos do PCTP, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 9 de setembro de 2015, e a súa oferta económica atopase axustada os límites concretos para este contrato, establecento como prezo do contrato o importe de 153.670,00 €. sendo 26.670 a parte correspondente o iva (21%)".

Sexto.- En data 15 de setembro de 2015, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 11ª do PCAP.

Sétimo.- En data 16 de setembro de 2015, D. Manuel Carlos Mourinho Atanes, en nome e representación de RC Celta de Vigo, SAD, representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 16 de setembro de 2015, á vista do actuado, de acordo co disposto na cláusula 12.1 do PCAP, se procede a formular a proposta de clasificación e adxudicación ó órgano de contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe do Director deportivo do IMD, de data 14 de setembro de 2015, de valoración da oferta técnica e económica de RC Celta de Vigo, SAD, no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2015-2016 (expediente 14310-333) no seguinte orde decrecente:

1. RC Celta de Vigo, SAD.

2º.- Adxudicar a RC Celta de Vigo, SAD, o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de 1.600 entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2015-2016 (expediente 14310-333) por un prezo de 153.670 € euros, sendo a cota correspondente o IVE de 26.670 euros.

Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1091).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO CONTRATO DE “XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA”, AUTORIZACIÓN DE APERTURA DO CENTRO, RECEPCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN COMPLEMENTARIA. EXPTE. 2457/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo e xefe da Unidade técnica, do 18.09.15, conformado polo xefe de Área de Fomento e o asesor xurídico de dita Área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.-

1º.- Con data 8 de agosto de 2013 a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente, aprobou entre outros asuntos o EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA POR PROCEDEMENTO ABERTO. EXPTE. 12242/333.

2º.- Con data 7 de novembro de 2013 por Decreto do Alcalde, se delega no Concelleiro da Área de Fomento, D. David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución deste asunto.

3º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 22 de novembro de 2013, acordou Adxudicar a “CIVIS GLOBAL, S.L”, o contrato de xestión de servizo público mediante concesión para a construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o

presuposto global do proxecto de 8.767.908,48, e a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €, e coas seguintes prestacións accesorias:

- Destinará a investimento inicial en equipamento deportivo o importe de 976.000 euros, IVE excluído, sendo o importe correspondente o IVE de 204.960 euros.
- O prezo do abono individual adulto, calculado para 1 mes (sen aplicar matrícula en caso de existir) é de 36,35 euros IVE incluído.

Constitúe o obxecto deste contrato a xestión de servizo público de instalacións deportivas de uso público en Navia denominadas "Complexo deportivo de Navia" mediante concesión, forma de xestión acordada polo Pleno municipal en data 26 de novembro de 2012. O obxecto deste contrato inclúe como obrigación accesoria a execución das obras precisas para a prestación do servizo, obras que deberán executarse tal e como son definidas no anteproxecto de explotación aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de xuño de 2013, tras ter sido sometido ao trámite de información pública pública.

A obra de construción do "Complexo deportivo de Navia" se desenvolverá na parcela D-2 destinada a usos deportivos no ámbito do Plan parcial de Navia. Dita parcela sitúase en solo urbanizable delimitado, no ámbito do sector S-72-R Navia, que recolle o Plan Parcial aprobado definitivamente en sesión plenaria do 3 de xuño de 1996 e a modificación puntual número 1, aprobada en sesión plenaria o 25 de abril de 2005.

4º.- Con data 16 de decembro de 2013, o Concelleiro delegado da Área de Fomento, resolve de conformidade coa proposta do Xefe da Área de Fomento, a constitución dun equipo de traballo técnico, para a seguimento das actuacións do novo complexo polideportivo de Navia, o cal atopase composto por:

–O Xefe da Area de Fomento, Álvaro Crespo que realizará as funcións de dirección do equipo de traballo, o tempo que será responsable de coordinar as necesidades cos servizos da area (Vías e Obras, Electromecánicos) e a coordinación con outros servizos como Xardíns, Seguridade, etc.

–En relación a supervisión do proxecto arquitectónico, se solicita a nomeamento dos arquitectos municipais, Juan Luis Piñeiro e David Carvajal, para o cal se notificará dita resolución a Concelleira Delegada da Area de Urbanismo

–En relación a supervisión técnica do proxecto dende as necesidades deportivas, se solicita nomear o Director Deportivo Xefe da Unidade de Deportes, Jose Angel Otero Lamas, para o cal se notificará dita resolución o Concelleiro Delegado da Area de Deportes.

A coordinación e desenvolvemento das actuacións deste equipo de traballo deberá estar baixo a dirección política, de xestión, seguimento, tramitación e execución encomendada polo decreto do Alcalde de data 7 de novembro no Concelleiro da Area de Fomento.

5º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7 de marzo de 2014, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adjudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.

2º.- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L."

6º.- Con data 10/04/2014, asínase contrato de xestión de servizo público con construción de obra, coa sociedade MQA Navia, S.L., a través de escritura pública diante do notario D. Jaime Romero Costas.

7º.- En relación coa aprobación do proxecto de obra, con data 16/05/2014 a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA, presentado por MQA Navia, S.L e redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP, polo importe da obra civil por unha contía de 6.672.590,36 euros (IVE excluído), contía que é coincidente coa oferta e coa documentación que se tivo en conta para o acordo da Xunta de Goberno de data 22/11/2013.

Segundo.- Aprobar o programa de traballos -que contempla un prazo de execución de 15 meses- e o Plan de Seguridade e Saúde, ambos presentados polo adxudicatario en data 14/04/2014.

Terceiro.- Tomar razón da comunicación da composición da dirección facultativa designada pola empresa MQA, Navia, S.L, composta por:

Director de Obra: D. Miguel Porras Gestido (D.N.I. 36.106.078-B) e Directora de execución: D^a. Juana María Martínez García (D.N.I. 36.147.537-R) e Coordinador de Seguridade e Saúde: D. Maximino García Sánchez en representación de CIES ATLANTICO S.L.U.

Cuarto.- Nomear aos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal como responsables facultativos municipais das obras.

Quinto.-Notificar á adxudicataria MQA Navia, S.L., a obriga de proceder a convocar a esta Entidade, aos efectos de asinar a Acta de Comprobación do Replanteo, no prazo de 15 días dende a notificación do presente acordo.

Sexto.- A empresa adxudicataria MQA Navia, S.L. deberá dar conta ao concello, con carácter previo á comprobación da acta de replanteo, a empresa que vaia a encargar a execución das obras, que deberá cumprir cos requisitos de solvencia previstos no PCAP.

8º.- Con data 21 de maio de 2014, procedese a sinatura da acta de comprobación do replanteo, da cal se da conta a Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de xuño de 2014, e iniciase o prazo para a execución da obra.

9º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 13 de febreiro de 2015, entre outros asunto acordou

Primeiro: Autorizar a mercantil MQA Navia, S.L., constituída pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L. na súa condición de adxudicataria do contrato DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 12242/333, para a redacción do proxecto modificado do proxecto da OBRA DE CONTRUCIÓN DO NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 16/05/2014. Dita solicitude de modificado estimase cun incremento do coste da inversión de 822.454,82 euros + IVE.

Segundo: Coa redacción do proxecto para o modificado autorizado e previo a súa aprobación, a mercantil MQA Navia, S.L., constituída pola empresa CIVIS GLOBAL, S.L. na sua condición de adxudicataria do contrato DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO EN NAVIA. EXPTE. 12242/333 deberá presentar un novo plan económico financeiro da concesión que deberá recoller en todo caso os oportunos axustes os efectos derivados do incremento estimado, coa condición manifestada na solicitude de asumir por parte da "Concesionaria" dito

incremento, asumindo a renuncia de solicitar calquera reclamación de desequilibrio económico financeiro derivada da aprobación definitiva da modificación do proxecto proposto.

10º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 6 de maio de 2015, entre outros asunto acordou

- 1.- Aprobar o proxecto "Modificado nº 1 do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA", presentado pola empresa MQA Navia, SL na súa calidade de entidade concesionaria, e redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP. Dito proxecto ascende a unha inversión na obra de 8.068.660,18 € (s/ive), o cal supón un incremento do coste da inversión de 822.454,82 euros (s/ive), sobre o importe aprobado inicialmente que contemplaba unha inversión na obra de 7.246.205,36 € (s/ive), de acordo coa seguinte referencia:

	Anteprojecto da proposta adxudicada	Proxecto aprobado XGL	Proposta modificado nº1
PEC	6.672.590,36 €	6.672.590,36 €	7.495.045,18 €
Redacción	140.000,00 €	140.000,00 €	140.000,00 €
Dirección obra	80.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €
Dirección exec. material	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €
Licencias taxas e outros	219.615,00 €	219.615,00 €	219.615,00 €
Gastos posta en funcionamento	74.000,00 €	74.000,00 €	74.000,00 €
Total de gastos	573.615,00 €	573.615,00 €	573.615,00 €
Total investimento: (s/ive)	7.246.205,36 €	7.246.205,36 €	8.068.660,18 €

O cal correspondese cos seguintes importes en relación o modificado

	PROXECTO MODIFICADO Nº1	IMPORTE S/IVE
Importe proxecto orixinal		6.672.590,36 €
Aumento debido a novas unidades de prezos		579.027,94 €
Aumento debido a incrementos en mediciones		243.426,88 €
Total incremento de coste do modificado		822.454,82 €
Importe proxecto modificado nº1 (s/ive)		7.495.045,18 €

- 2.- Acordar a modificación do contrato do CONTRATO XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA, correspondente o (expediente 12242-333), e aprobar o plan económico-financeiro presentado pola empresa MQA Navia, SL na súa calidade de entidade concesionaria con data 4 de marzo de 2015, e que se recolle como anexo a este expediente. Dito PEF, que terá a condición de definitivo, correspondese coa adaptación do PEF presentado pola empresa con data 7 de xullo de 2014, trala aprobación pola Xunta de Goberno Local en sesión do 16/05/2014 do proxecto de obra definitivo, e o actual proxecto modificado nº1, coa condición expresa formulada pola concesionaria de os incremento dos investimentos vinculados a proposta do modificado nº1 da obra que contén o presente expediente, así como as variacións de cada unha das partidas económicas expostas en relación ao citado plan de viabilidade presentado, son asumidas na súa totalidade pola concesionaria MQA NAVIA S.L., e renuncia a presentar calquera reclamación de desequilibrio económico derivada da devandita modificación. O PEF que se aproba correspondese cos seguintes datos xerais:

Ingresos:

	Ingresos pola xestión dos servizos
Proposta PEF presentado co Modificado nº1.	129.410.808,00 €

Gastos:

	Pagos por explotación
Proposta PEF presentado co Modificado nº1	77.781.044,00 €
	total

	Pagos por financiación
Proposta PEF presentado co Modificado nº1	11.317.953,00 €
	Pagos por inversións e imprevistos dotados
Proposta PEF presentado co Modificado nº1	2.520.000,00 €
	Saldos s/impostos sociedades
Proposta PEF presentado co Modificado nº1	37.791.811,00 €
	Saldo Cash Flow
Proposta PEF presentado co Modificado nº1	27.180.447,00 €

Rendementos:

Rentabilidade Proxecto	Nivel inversión	TIR
Proposta PEF presentado co Modificado nº1	8.068.660,18 €	9,08 %
Rentabilidade del accionista	Nivel inversión	TIR
Proposta PEF presentado co Modificado nº1	2.420.598,00 €	9,69 %

- 3.- Notificar o presente acordo á mercantil MQA NAVIA, SL., na súa condición de entidade concesionaria do CONTRATO XESTIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA, correspondente o (expediente 12242-333), ao obxecto de que proceda á formalización da modificación contractual acordada.
- 4.- A mercantil MQA NAVIA, SL., deberá proceder a axustar o importe da garantía definitiva conforme o establecido na cláusula 22 do PCAP, en relación o 5% sobre o novo valor estimado do contrato en relación o incremento da inversión do modificado dun importe de 822.454,82 euros (s/ive), antes da sinatura de formalización do modificado aprobado por este expediente.

Dita modificación de contrato instrumentase no documento asinado entre o Concello de Vigo e o representante da empresa "MQA NAVIA, SL" con data 30 de xuño de 2015.

11º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de maio de 2015, entre outros asunto acordou

Primeiro.- Recepcionar a favor do concello as obras contidas na Acta de Recepción asinada con data 27 de marzo de 2015, vinculadas ao contrato de xestión de servizo público con execución de obra a través da modalidade de concesión para o novo centro Deportivo Municipal de Navia que comprenden a pista polideportiva exterior, do campo de fútbol 7, así como das zoas axardinadas e os accesos e circulacións das mesmas, de conformidade coa memoria técnica que se adxunta a citada acta de recepción, entregada pola mercantil MQA NAVIA, S.L., na súa calidade de empresa concesionaria.

Segundo: Aprobar a encomenda das tarefas vinculadas coa xestión e mantemento operativo do campo de fútbol 7, para favorecer e potenciar o seu uso deportivo o organismo autónomo "Instituto Municipal dos Deportes de Vigo".

Terceiro.- Aprobar a encomenda das tarefas vinculadas coa xestión e mantemento operativo da pista polideportiva exterior, así como das zoas axardinadas e os accesos e circulacións das mesmas, para favorecer e potenciar o seu uso a Área de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio.

Cuarto.- Dar conta do acordo adoptado á Concellería de Patrimonio do Concello de Vigo, a Concellería de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio e o propio Instituto Municipal dos Deportes.

As obras vinculadas a esta recepción parcial correspóndense coas seguintes actuacións:

Campo de Fútbol 7 de herba artificial, coas seguintes características:

- Dimensións del terreo de xogo 58 m x 33,8 m
- Césped sintético monofilamento de última xeración.
- Catro Torres de iluminación con proxectores equipados con haloxenuros metálicos.
- Equipamento:
 - Sistema de rego automático.
 - Un xogo de 2 porterías.
 - Banquillos.
 - Banderins de corner, red recollebalóns, etc.

Pista Polideportiva, coas seguintes características:

- Dimensións de Pista de xogo: 20 m x 40 m
- Soleira de formigón coloreada
- Iluminación mediante proxectores equipados con haloxenuros metálicos. Sistema de encendido regulado por moeda.
- Bancada para 100 persoas.
- Equipamento:
 - Un xogo de dous porterías de fútbol sala.
 - Dous xogos de catro canastas de baloncesto.

Para completar as citadas actuacións procedeuse o axardinamento das zoas verdes comúns, executándose a urbanización dos accesos e circulacións para garantir a funcionalidade destes espazos deportivos.

II.- Obrigas derivadas da finalización das obras:

A empresa MQA NAVIA, SL, procedeu a comunicar o Concello de Vigo a finalización das obras vinculadas o Expte.12242/333. PROCEDIMENTO ABERTO PARA O CONTRATO XESTIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA.

Con data 15 de setembro de 2015 procedese a realizar a inspección das obras executadas en base a documentación presentada pola empresa "MQA NAVIA, SL" e asinada pola Dirección facultativa nomeada pola empresa, comprobándose que se axustan ao proxecto:

Por isto de acordo coa cláusula 44ª do PCAP, que rexe o vixente contrato, procedeuse o levantamento dunha acta de comprobación por parte do Concello de Vigo que se asina polas

partes coa data de 18 de setembro de 2015. A citada acta de comprobación acompañase a seguinte documentación: “documento final de obra en formatos papel e dixital, que recolla como mínimo: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado, e informe da dirección facultativa sobre o cumprimento do prazo de execución da obra”.

Por outra parte, os arquitectos municipais Juan Luis Piñeiro e David Carvajal, nomeados como os técnicos municipais responsable da supervisión do proxecto arquitectónico emiten informe con data 18 de setembro de 2015 no cal se conclúe:

Unha vez realizada a correspondente visita de revisión e comprobación das obras realizadas, en base a documentación presentada pola empresa MQA NAVIA, SL e asinada pola Dirección facultativa, comprobouse que a empresa MQA NAVIA executou, entre outras, as inversións recollidas na relación adxunta (importes sen IVE), correspondéndose os importes cos recollidos na última certificación de obra emitida:

	Anteprojecto da proposta adxudicada	Proxecto aprobado XGL	Proxecto modificado nº1
PEC	6.672.590,36 €	6.672.590,36 €	7.495.045,18 €

PROXECTO MODIFICADO Nº1	EXEC. MATERIAL	IMPORTE S/IVE	CONTRATA + IVE
IMPORTE PROXECTO MODIFICADO Nº1	6.298.357,29 €	7.495.045,18 €	9.069.004,67 €

No relativo ás prestacións accesorias recollidas no Acordo de adxudicación da xestión do servizo público, referidas ó investimento inicial en equipamento deportivo por un importe de 976.000 euros, (IVE excluído) e ó prezo fixado para o abono individual adulto, deberá emitirse informe polo Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

En consecuencia, considerando que o investimento total previsto para a execución e posta en marcha deste equipamento, de acordo co Proxecto Modificado aprobado era de 9,069,004,67 Eur (IVE incluído), e sempre e cando se ratifique o cumprimento das prestacións accesorias sinaladas no párrafo anterior, pódese certificar que a empresa MQA NAVIA, SL cumpriu, no que atinxe á inversión económica, cas obrigas contractuais relativas á construción do novo Centro deportivo municipal de Navia.

No ámbito da acta de comprobación e de acordo coa comunicación realizada pola mercantil “MQA NAVIA, S.L”, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo con data 12 de agosto de 2015 e numero 150104948 de finalización das obras de urbanización e outras areas a entregar o Concello de Vigo, procede a recepción das obras que contemplan a urbanización completa da parcela en relación as zoas verdes, circulacións, así como as instalacións de iluminación destas zoas. Estas novas zonas construídas o igual que as instalacións do campo de fútbol 7 e a pista polideportiva de 40 x 20 xa recepciónadas polo Concello de Vigo de acordo a acta de recepción aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente do pasado 12 de maio de 2015, serán entregadas o Concello de Vigo para a súa xestión unha vez formalizada a acta

de recepción das mesmas, no proceso de comprobación das obras executadas polo concesionario trala finalización das mesmas.

En relación os investimentos vinculados o contrato, a mercantil "MQA NAVIA,SL", presenta unha declaración responsable na cal declara que as facturas que presenta se corresponden co equipamento instalado no centro deportivo de Navia, sendo o importe das mesmas o de 981.031,41 € iva excluído.

Na acta de comprobación das obras executadas se inclúe un informe do Director Deportivo do IMD relativo a que se comprobou a instalación das máquinas referidas e en relación o importe da inversión realizada do investimento xustificado pola concesionaria e lixeiramente maior, xa que o importe da oferta realizada foi fixado en 976.000,00 € iva excluído.

Se anexa o presente informe a declaración responsable do responsable da mercantil concesionaria de data 16 de setembro de 2015, así como copia da documentación presentada na que se relaciona os equipamentos executados.

Polo exposto, e derivado da acta de comprobación das obras vinculadas o Expte.12242/333. PROCEDIMIENTO ABERTO PARA O CONTRATO XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA, así como das obrigas do PCAP, lle corresponde a empresa concesionaria o cumprimento das seguintes obrigas:

a.- Una vez levantada a acta de comprobación das obras executadas, deberá formalizar a escritura de declaración de obra nova e inscribila no Rexistro da Propiedade a nome do Concello de Vigo, sen prexuício de incluír o dereito real de concesión que lle corresponde

b.- Proceder no prazo máximo dun mes (1), dende a finalización e recepción das obras, a posta en funcionamento da nova instalación, previa solicitude e obtención por parte do concesionario das preceptivas licencias, permisos ou comunicacións previas á que este suxeito. A autorización por parte do Concello para a apertura das mesmas ó uso público, levará implícita a aprobación da acta de comprobación das obras polo órgano da Administración concedente. Dende este momento iniciárase o prazo de garantía da obra cando fose executada por terceiros distintos do concesionario, así como a fase de explotación.

A acta de comprobación incluírá a recepción das obras executadas que non formarán parte da xestión do complexo deportivo segundo o especificado na cláusula 3 do PCAP, comezando desde este momento o prazo de garantía destas obras, así como a responsabilidade do seu mantemento e xestión a cargo do Concello de Vigo.

c.- De acordo coa Cláusula 22 do PCAP, unha vez finalizada a obra. Con carácter previo á data de inicio da prestación dos servizos vinculados a explotación e xestión deste contrato, deberá constituír unha garantía complementaria (artigo 95.2 TRLCSP) pola xestión do servizo, a fin de garantir o cumprimento das obrigacións contraídas, especialmente as relativas á reversión das instalacións. Esta garantía deberá ser dun 2% do valor estimado do contrato, calculado da forma que a continuación se indica.

Calculo da garantía complementaria:

• Importe da proposta s/ive do proxecto de obra:	6.672.590,36 €.
• Importe da proposta s/ive do proxecto modificado nº1:	7.495.045,18 €.
• Importe (2%) garantía complementaria:	149.900,90 €

A citada garantía complementaria atopase constituída de acordo co documento de constitución do da garantía complementaria por inicio de explotación do servizo emitido polo departamento de Tesoureira do Concello de Vigo con data 17/09/2015 con número de operación 201500061461, un importe de 149.900.90 €, do cal se anexa copia o expediente.

d.- En cumprimento da cláusula 23ª do PCAP, deberá ter asegurados todos os riscos derivada da execución do contrato, incluídos os danos derivados dos defectos do proxecto, polo cal deberá contratar os seguintes seguros:

- ✓ Un seguro de responsabilidade civil, no cal o capital asegurado non sexa inferior a 2.000.000,00 de euros. Nesta póliza deberán cubrirse os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da execución dos traballos e actividades obxecto do presente contrato.
- ✓ Un seguro de danos que cubra os riscos de todo tipo que podan afectar a obra, instalacións e equipamentos existentes no complexo deportivo de Navia durante o período de explotación. Esta póliza de seguro cubrirá a totalidade dos bens que puideran ser entregados ao Concesionario polo Concello de Vigo, así como a totalidade dos bens e instalación incorporadas o servizo polo concesionario.

As pólizas correspondentes á fase de explotación e conservación da obra serán aportadas ao Concello de Vigo polo concesionario, con anterioridade o inicio da mesma.

Para o cumprimento desta obriga, figura no expediente copia das certificacións e pólizas seguintes:

- ✓ Póliza multiriesgo empresas nº BIDP039896. PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS.
- ✓ Póliza Seguro de Responsabilidade Civil General nº MDAA5GS2001. LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPA LILITED, SUCURSAL EN ESPAÑA. Limites indemnización 6.000.000,00 €

e.- En cumprimento do punto 8 da cláusula 57 do PCAP, unha vez adxudicado o contrato, e en todo caso, previamente ó inicio da súa execución, deberá comunicar ó Concello de Vigo a relación de persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoría, antigüidade e demais datos necesarios. Igualmente comunicará calquera variación que poida producirse durante a execución do mesmo.

En cumprimento desta obriga, figura no expediente a relación de persoal adscrita o centro deportivo de Navia cos requisitos establecidos.

f.- Entregar ao Concello de Vigo unha vez finalizas as obras e de acordo co contido da acta de comprobación procede a recepción das obras que contemplan a urbanización completa da parcela en relación as zoas verdes, circulacións, Parque infantil de xogos, aparcamento zoa norte, así como as instalacións de iluminación destas zoas. Estas novas zonas construídas, o igual que as instalacións do campo de fútbol 7 e a pista polideportiva de 40 x 20 xa recepciónadas polo Concello de Vigo de acordo a acta de recepción aprobada pola XGL na sesión extraordinaria e urxente do pasado 12 de maio de 2015, serán entregadas o Concello de Vigo para a súa xestión.

As obras realizadas nos espazos urbanizados exteriores, correspóndense coas seguintes:

- Aparcadoiro: Ao norte da parcela deportiva o complexo conta cun aparcadoiro ao aire libre cunha superficie de 1.311,4 m². O devandito aparcadoiro ordénase en dúas liñas en

batería e un viario intermedio de circulación, dando como resultado, un número de 35 prazas para turismos, 5 delas reservadas para discapacitados e 5 prazas para familias. Tras o aparcadoiro de vehículos organízase un aparcadoiro para 28 motocicletas.

- Praza: No espazo entre o aparcadoiro e o centro deportivo o complexo conta cunha praza pública cunha superficie de 917,3 m² , conta cun pavimento de formigón semipulido e liga coa praza existente fronte ao pavillón polideportivo de Navia.
- Unha xardineira lineal que percorre a intervención de leste a oeste serve como separación entre a praza e o aparcadoiro deixando libres os pasos para o acceso á praza e ao centro deportivo.
- Zona Infantil: Ao noroeste da praza, lindando ao norte co aparcadoiro sitúase un parque infantil de 128,0 m². Conta con 5 xogos elementos infantís sobre un pavimento amortiguador de caucho. Todo o parque infantil está pechado no seu perímetro por un valo. O acceso ao parque efectúase a través dunha religa tipo tramex.
- Zonas verdes e acceso ao sur da parcela: No espazo situado entre o novo centro deportivo de Navia e o pavillón de Navia organízanse uns pasos peonís que ligan a actuación coa cota inferior situada ao sur da parcela. Trátase dunha rampla de 2m de ancho con pavimento de formigón puído con pendentes do 6% que habilita o paso a persoas con mobilidade reducida. Tamén conta cunha escaleira ligada ao edificio do centro deportivo cuberta polo beirado do edificio. A escaleira posúe un pavimento de formigón semipulido 707,8. m². A superficie das comunicacións verticais, ramplas e escaleiras ascende ás zonas verdes intermedias atópanse axardinadas e posúen rega por aspersión. A superficie das zonas axardinadas ascende a 920,0 m²

g.- De acordo coa “disposición adicional” do regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos, aprobado polo Pleno do Concello en data 25 de marzo de 2013. Deberá redactar no prazo máximo de 3 meses dende a posta en funcionamento das instalacións, as Instrucións de funcionamento e xestión de aplicación ao centro, coa extensión necesaria para complementar, interpretar e aplicar o presente Regulamento en relación coas condicións específicas dos servizos que presta. Ditas Instrucións en ningún caso poderán ser contrarias ao establecido no referido Regulamento, e deberán ser tramitadas para a súa aprobación pola Concellería na que estean delegadas as competencias sobre os Centros Deportivos Municipais.

En relación ao cumprimento desta obriga, figura no expediente que a mercantil “MQA NAVIA S.L”, presentou complementariamente no acto de comprobación da execución das obras, a documentación relativa as instrución de funcionamento iniciais para o novo complexo deportivo de Navia. Neste documento consta a definición dos horarios do centro, o programa de actividades e as tarifas de aplicación as actividades do centro. Dito programa foi revisado polo Director Deportivo do IMD e o mesmo se axusta as condicións deste contrato e a súa oferta. Sobre a definición das tarifas debemos indicar que a mercantil adxudicataria ofertou como prezo para o ABONO INDIVIDUAL ADULTO un importe de 36,35 €. Dito importe foi rebaxado por decisión propia da mercantil concesionaria “MQA, NAVIA, S.L”, a 35,00 €. O motivo foi unificar os prezos deste ABONO INDIVIDUAL ADULTO, as outras dúas instalacións xestionadas baixo o mesmo modelo de concesión.

h.- En cumprimento do apartado b) da cláusula 9ª, do PCAP, que o concesionario poida obter ingresos, pola prestación de servizos alleos a actividade principal, entre os que se atopa, “ unha cafetería, e venda mediante máquinas expendedoras de bebidas e produtos sólidos”. E tendo en conta que o proxecto de obra aprobado pola XGL para o desenvolvemento desta concesión

leva incluído un espazo para o desenvolvemento dos servizos complementario dunha cafetería, a concesionaria "MQA NAVIA, S.L.", comunica o Concello de Vigo con data 07/08/2015, que procede ao arrendamento do citado espazo para a prestación dos servizos de cafeteira e vending no Centro Deportivo de Navia. Dito arrendamento se fai a favor da mercantil NAVIA SPORT CAFE, S.L., con CIF B27818079 con domicilio en Vigo, rua Bolivia, nº 15, sendo a duración do contrato de arrendamento de 20 anos.

A visto do anterior informe PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, competente en materia de contratación de conformidade coa disposición adicional 2º do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a acta de comprobación das obras vinculadas o expte.12242/333. PROCEDIMIENTO ABERTO PARA O CONTRATO XESTIÓN DE SERVICIOS PÚBLICOS CON EXECUCIÓN DE OBRA, A TRAVÉS DA MODALIDADE DE CONCESIÓN PARA O NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA, asinada con data 18 de setembro de 2015 por parte dos representantes do Concello de Vigo e da mercantil Concesionaria "MQA NAVIA,SL".

Segundo.- Autorizar a mercantil "MQA NAVIA, S.L", a apertura para o uso público das instalacións do novo CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL DE NAVIA de acordo coas condicións estipuladas no contrato e no regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos, aprobado polo Pleno do Concello en data 25 de marzo de 2013. Con esta autorización iniciase o prazo de garantía das obras por un ano, así como a fase de explotación. Dita apertura deberá proceder no prazo máximo dun mes.

Terceiro: Aprobar as instrución de funcionamento iniciais para o novo complexo deportivo de Navia, presentadas pola mercantil concesionaria "MQA NAVIA, S.L". nas que se recollen os horarios da instalacións, os programas de actividades e as tarifas de aplicación as actividades do centro, dándolle traslado da obriga recollida na "disposición adicional" do regulamento de servizos dos centros deportivos municipais xestionados mediante concesión de servizos públicos, aprobado polo Pleno do Concello en data 25 de marzo de 2013, na cal se indica a obriga de redactar no prazo máximo de 3 meses dende a posta en funcionamento das instalación, as Instrucións de funcionamento definitivas, coa extensión necesaria para complementar, interpretar e aplicar o presente Regulamento en relación coas condicións específicas dos servizos que presta cada centro.

Cuarto: Recepcionar a favor do Concello de Vigo as obras contidas na documentación da Acta de recepción de data 18 de setembro de 2015, vinculadas a urbanización xeral, que comprenden as zonas axardinadas, circulacións, parque infantil de xogos, aparcamento zoa norte e instalación de iluminación pública executadas polo Concesionario e que de acordo o PCAP non se atopan nas vinculadas a explotación e xestión da concesión, polo que entregaranse ao Concello para a súa xestión

Quinto.- Encomendar as tarefas vinculadas coa xestión e mantemento operativo das superficies vinculadas as zonas axardinadas e parque infantil o departamento municipal de Montes Parques e Xardíns, e as instalacións eléctricas públicas das mesmas o Servizo Municipal de Alumeado Público.

Sexto: Comunicarlle a mercantil MQA NAVIA, S.L., a obriga de proceder a formalizar a escritura de declaración de obra nova, así como inscribila no Rexistro da Propiedade a nome do Concello de Vigo.. E na mesma incluírase así mesmo o dereito real de concesión a favor do Concesionario.

Sétimo: Tomar coñecemento da comunicación realizada pola mercantil concesionaria "MQA NAVIA, S.L". con data 07/08/2015 e nº de rexistro 15013638, sobre o arrendamento do espazo de cafetería, para a prestación dos servizos deste fin -cafeteira e vending- no Centro Deportivo de Navia. Dito arrendamento se fai a favor da mercantil NAVIA SPORT CAFE, S.L., con CIF B27818079 con domicilio en Vigo, rual Bolivia, nº 15, sendo a duración do contrato de arrendamento de 20 anos.

Oitavo.- Dar conta do acordo adoptado ás áreas municipais de Patrimonio, Parques e Xardíns, Fomento Limpeza e Contratación e de Deportes, os efectos oportunos, e notificarllo a mercantil concesionaria ofrecéndolle os recursos que proceda.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.